

O S P R O N O M E S P E R S O A I S

Segundo a súa función na oración temos

Suxeito	CD	CI	Reflexivo	Con preposición
Eu	Me	Me	Me	Min (comigo)
Ti	Te	Che	Te	Ti (contigo)
El/ela	O/A	Lle	Se	El/ela, si (consigo)
Nós	Nos	Nos	Nos	Nós (connosco)
Vós	Vos	Vos	Vos	Vós (convosco)
Eles/elas	Os/as	Lles	Se	Eles/elas, si (consigo)

Os pronomes **o/a/os/as** diante do verbo empréganse nestas formas, mais, cando van despois do verbo e segundo a terminación que este presente temos outras formas. Así pois:

1. Cando o verbo remata en -r ou -s o pronome será lo/los/la/las.

▶ Vas contestar a pregunta? Vou contestala.

2. Cando o verbo remata en ditongo as formas serán no/na/nos/nas.

▶ a carta botouna na caixa de correos onte.

Contraccións dos pronomes de CI e CD

CI	CD	O	A	OS	AS
ME		MO	MA	MOS	MAS
CHE		CHO	CHA	CHOS	CHAS
LLE		LLO	LLA	LLOS	LLAS
NOS		NOLO	NOLA	NOLOS	NOLAS
VOS		VOLO	VOLA	VOLOS	VOLAS
LLES		LLELO	LLELA	LLELOS	LLELAS

Exemplos

Conteille a decisión. > **CONTEILLA**

Tróuxonos o pedido. > **TRÓUXONOLO**

Pinteivos a casa de verde. > **PINTÉIVOLA** de verde.

Queren enviar o ordenador (a ti). > queren **ENVIARCHO**.

Fixeron unhas filloas (a elas). > **FIXÉRONLLELAS**.

Olo!!!!
Controlar
sempre a
acentuación
tras facer as
contraccións.

Practicamos

Comprei a ela unha cazadora: _____

Levaron o traballo (a elas): _____

Brais explica este tema (a ti): _____

Entregou as chaves a nós: _____

Regalouche estes libros: _____

Enche o cadro

	O	A	OS	AS
CHE				
LLE				
LLES				
VOS				
NOS				
ME				